



## Feijóo resalta o apoio da Xunta á discapacidade, ao blindar este ano o orzamento con 83 millóns de euros e ao ter executado o 90% do Plan de acción integral 2010-2013



- Asegurar a integración das persoas con discapacidade é un dos vectores que guían as políticas sociais da Xunta
- Nos últimos catro anos o Goberno galego creou 631 novas prazas públicas de atención á discapacidade, o que supón un incremento do 14,5%.

## Informe do paro rexistrado

### Galicia pechou agosto cun descenso do paro rexistrado de 3.578 persoas, o mellor dato deste mes desde 1996

- Galicia é a terceira comunidade autónoma que rexistra unha maior baixada
- Trátase do sexto descenso consecutivo en Galicia, e supón que nos últimos seis meses o paro diminuíu en 35.299 persoas.

## A Xunta pon en marcha Mobem, unha aplicación que permitirá á cidadanía facer xestións co Servizo Público de Emprego desde o móbil



- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, e a directora da Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) presentaron en Santiago esta nova ferramenta
- Unha das principais vantaxes de Mobem é que ofrecerá aos usuarios a posibilidade de renovar a súa demanda de emprego desde o móbil
- Os galegos poderán consultar en tempo real se se atopan seleccionados para unha oferta laboral ou para un curso de formación

### Benestar destina 1,3 millóns para apoiar os concellos no desenvolvemento de programas de inclusión social

- O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica a orde que regula as ditas subvencións e que permite complementar a Lei de inclusión social con accións concretas que afectan singularmente en maior grao algúns colectivos.

|         |                            |     |                          |       |
|---------|----------------------------|-----|--------------------------|-------|
| Sumario | Formación e emprego        | 2-5 | Política social          | 9-11  |
|         | Informe do paro rexistrado | 5   | Xuventude e voluntariado | 12-14 |
|         | Traballo e economía social | 6-8 | Publicacións             | 15-17 |
|         | Sinistrabilidade laboral   | 8   | Normativa                | 18-30 |

|          |                                                     |
|----------|-----------------------------------------------------|
| Créditos | Edita: Consellería de Traballo e Benestar           |
|          | Elaboración: Sección de Publicacións e Estatísticas |
|          | Coordinación: Pepa Dabán Royo                       |
|          | Maquetación: Antonio Lameiro Ces                    |
|          | ISSN: 2254-7835                                     |

**Constitúese o Consello Galego de Benestar Social no que participarán a Administración, as entidades e os profesionais**

## Formación e emprego

### A Xunta pon en marcha Mobem, unha aplicación que permitirá á cidadanía facer xestións co Servizo Público de Emprego desde o móbil

**Santiago, 8 de xullo de 2013.-** Mobem é a primeira aplicación de Galicia que permitirá á cidadanía facer diferentes xestións co Servizo Público de Emprego desde o móbil. A Xunta vén de poñer en marcha esta nova ferramenta que, ademais, é pioneira, xa que en todo o territorio nacional só o País Vasco dispón dun instrumento semellante. Ademais, Mobem constitúe a primeira aplicación que a Administración autonómica pon á disposición dos usuarios no espazo 'Xunta', onde se publicarán o resto de aplicacións do sector público galego nos dispositivos móbiles.

Así o destacaron a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, e a directora da Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), Mar Pereira, na presentación en Santiago desta nova iniciativa

do Goberno galego na que se investiron 40.000 euros.

Mato destacou que esta aplicación ofrecerá aos cidadáns diferentes vantaxes como é a posibilidade de que poidan renovar a súa demanda de emprego desde o móbil. Ademais, e entre outras actuacións, os galegos poderán consultar en tempo real se son convocados a unha cita para a orientación laboral; se foron seleccionados para participar nun curso de formación; ou se, por exemplo, se atopan entre os candidatos dunha oferta laboral. "Mobem posibilitará de forma sinxela, práctica e non presencial realizar aquelas xestións que non requiran a atención personalizada dun profesional do SPEG", apuntou a conselleira, quen asegurou que supón "un paso máis" para mellorar o Servizo Público de Emprego.



Beatriz Mato e Mar Pereira na presentación de 'Mobem'

[http://emprego.xunta.es/cmspro/contido/oficinaVirtual/oficina\\_virtual\\_movil/](http://emprego.xunta.es/cmspro/contido/oficinaVirtual/oficina_virtual_movil/)

| Tenda de aplicacións de... | Compañía   | Ligazón                                                                                                                                                                                     |
|----------------------------|------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| BlackBerry World           | BlackBerry | <a href="http://appworld.blackberry.com/webstore/content/29856896/">http://appworld.blackberry.com/webstore/content/29856896/</a>                                                           |
| Google Play                | Google     | <a href="https://play.google.com/store/apps/details?id=es.xunta.emprego.mobem">https://play.google.com/store/apps/details?id=es.xunta.emprego.mobem</a>                                     |
| App Store                  | Apple      | <a href="https://itunes.apple.com/es/app/mobem/id660198858">https://itunes.apple.com/es/app/mobem/id660198858</a>                                                                           |
| Windows Phone              | Microsoft  | <a href="http://www.windowsphone.com/es-es/store/app/mobem/89462f75-88da-49d7-8b5d-9d1049f25e99">http://www.windowsphone.com/es-es/store/app/mobem/89462f75-88da-49d7-8b5d-9d1049f25e99</a> |



Mobem está dispoñible para sistemas operativos IOS (equipos Apple), Android, RIM (Blackberry) e WindowsPhone.

A iniciativa galega cobre catro plataformas distintas e, por tanto, preto do 100% dos sistemas operativos de smartphones existentes no mercado español e, polo tanto, en Galicia.

#### Modernización do SPEG

Esta actuación forma parte do Plan integral de modernización do SPEG que a Consellería de Traballo e Benestar está a realizar desde o 2009 e que supuxo na pasada lexislatura un investimento de 24 millóns. Esta iniciativa foi acordada no seo do diálogo social. Mato destacou, entre as diversas actuacións, a posta en marcha da oficina virtual, unha ferramenta que complementa o despregamento de puntos de información ao longo do territorio galego. "Investimos 5,8 millóns de euros en aplicacións informáticas que melloraron a rapidez no acceso aos datos e mesmo

posibilitou aos usuarios un aforro en traslados ás oficinas", subliñou.

Neste sentido, a titular de Traballo afirmou que a Xunta, así mesmo, apostou pola sustentabilidade do SPEG, tanto a nivel económico como ambiental e, por iso, lembrou que con este cambio da infraestrutura informática, se adquiriron 84 servidores e 660 clientes lixeiros. Esta actuación acadou reducir nun 95% o consumo eléctrico e nun 96% a emisión de CO<sub>2</sub> con respecto aos equipos anteriores.

Outras das actuacións levadas a cabo a través do Plan de modernización do SPEG foi a adecuación dos locais das oficinas de emprego aos novos tempos, facéndoa máis accesibles e funcionais e contribuíndo á súa eficiencia. A esta actuación destináronse máis de 11,5 millóns de euros. Fixéronse melloras en diferentes oficinas e abríronse novas coma as de Navia, en Vigo, Pontevedra-Centro, Lugo-Sur e en Ordes.

Mato tamén fixo referencia aos centros de apoio ao empregador

que se puxeron por primeira vez en marcha en Galicia, nas cidades de Vigo e A Coruña, e á formación do persoal das oficinas de emprego que desenvolveu a Consellería. Por iso, apuntou que o departamento autonómico realizou varias convocatorias de cursos de cualificación específica para o persoal do SPEG, nas que participaron 1.200 alumnos e no primeiro semestre de 2013 impartíronse accións formativas de orientación e información aos usuarios, nas que tomaron parte 300 traballadores da Consellería de Traballo. "Esta preparación do persoal permitiu ter na actualidade unha correcta clasificación dos demandantes de emprego", indicou Mato.

Por último, a conselleira salientou que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas sinalou o portal de emprego de Galicia como "o máis accesible de todas as comunidades de España". En definitiva, Mato afirmou que a posta en marcha hoxe de Mobem e o resto de actuacións levadas a cabo para

modernizar o Servizo Público de Emprego de Galicia demostra que a Xunta está a poñer en marcha "un servizo que traballa por e para os cidadáns, que se adapta aos novos tempos e que é cada vez máis próximo e eficiente.

Pola súa banda, Pereira indicou que Mobem tamén se enmarca no Plan de modernización da Administración autonómica para achegar os servizos públicos aos cidadáns e acadar "unha verdadeira administración electrónica aberta as 24 horas do día os 365 días do ano" Lembrou, neste senso, que a día de hoxe os trámites que se poden realizar de xeito telemático a través da sede electrónica da Xunta superan os 500.

A directora da Amtega tamén expuxo que, segundo os últimos datos do Observatorio para Sociedade e Información de Galicia de 2012, Galicia supera a media estatal e europea en interacción coas administracións públicas da través de Internet.

## MOBEM - Oficina Virtual Móbil

dispoñible para terminais Apple, Android, Blackberry e Windows



### Máis dun milleiro de persoas baixaron nun mes a aplicación para facer xestións co Servizo Público de Emprego desde o móbil

- ▶ A directora xeral de Emprego e Formación, Ana María Díaz, explicou que neste mes se recibiron máis de 2.000 consultas a través de Mobem
- ▶ Máis dun centenar de usuarios puideron renovar a súa demanda de emprego desde o móbil e, en total, foi utilizada por preto de 460 persoas

**Santiago, 14 de agosto de 2013.-** Máis de 1.000 persoas baixaron a aplicación Mobem no seu primeiro mes de vixencia, que recibiu máis de 2.200 consultas. Trátase do primeiro instrumento de Galicia que permite á

ciudadanía facer diferentes xestións co Servizo Público de Emprego (SPEG) desde o móbil.

A directora xeral de Emprego e Formación, Ana María Díaz, explicou que a Xunta puxo en marcha o pasado mes de xullo esta ferramenta que, ademais, é pioneira, xa que en todo o territorio nacional só o País Vasco dispón dun instrumento semellante. Ademais, Mobem constitúe a primeira aplicación que a Administración autonómica pon á disposición dos usuarios no espazo 'Xunta', onde se publicarán o resto de aplicacións do sector público galego nos dispositivos móbiles.

Esta aplicación ofrece aos cidadáns

diferentes vantaxes como é a posibilidade de que poidan renovar a súa demanda de emprego desde o móbil. De feito, Díaz destacou que neste mes xa o fixeron máis de 100 persoas.

En total utilizaron esta aplicación preto de 460 persoas neste período para, entre outras actuacións, consultar en tempo real se son convocados a unha cita para a orientación laboral; se foron seleccionados para participar nun curso de formación; ou se, por exemplo, se atopan entre os candidatos dunha oferta laboral, é dicir, todas aquelas xestións que non requiran a atención personalizada dun profesional do SPEG.



## Formación e emprego

### Traballo incentiva a contratación de persoas con discapacidade na empresa ordinaria con axudas de ata 8.000 euros

- ▶ O Diario Oficial de Galicia (DOG nº 161, do 26.08.2013) publica a convocatoria para acceder a estas subvencións e ás do programa de emprego con apoio
- ▶ A Consellería de Traballo e Benestar investirá este ano nestas liñas de axudas máis de 1,3 millóns de euros.

**Santiago, 26 de agosto de 2013.-** A Consellería de Traballo e Benestar investirá este ano máis de 1,3 millóns de euros para incentivar, por unha banda, a contratación de persoas con discapacidade na empresa ordinaria e, por outro, para financiar o emprego con apoio, como medidas de fomento do emprego deste colectivo. O Diario Oficial de Galicia (DOG nº 161, do 26.08.2013) publica a convocatoria para acceder a estas subvencións. O prazo para presentar as solicitudes rematará o próximo 30 de setembro.

Así, o departamento autonómico incentivará a contratación de persoas con discapacidade na empresa ordinaria con axudas de ata 8.000 euros.

Este programa recolle ata catro tipo de liñas de financiamento: subvención pola contratación indefinida; indefinida de traballadores con discapacidade dun enclave laboral; temporal; e pola contratación de persoas con discapacidade no marco de proxectos de emprego con apoio.

Os empregadores e as empresas que contraten con carácter indefinido a persoas con discapacidade desempregadas no momento da contratación ou procedentes de centros especiais de emprego poderán obter unha axuda mínima de 3.907 euros se é un traballador e de 5.107 euros se é unha traballadora.

A estas contías poden acumularse diferentes incentivos adicionais: 1.000 euros no caso da contratación indefinida de persoas con discapacidade con especiais dificultades para a súa inserción laboral; 500 euros no caso de que sexan traballadores ou traballadoras procedentes de centros especiais de emprego; 500 euros se as empresas teñen 49 empregados ou, no caso de contratacións, para prestar servizos en centros de traballo dun concello rural; e, por último, de 902 euros pola adaptación dos postos de traballo ou pola dotación de equipamentos de protección persoal necesarios para

evitar accidentes laborais ou por eliminar barreiras ou obstáculos que impidan ou dificulten o traballo. A necesidade da adaptación ou dos medios especiais de protección persoal deberá contar co informe favorable da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

Deste xeito, a contratación fixa dun home poderá contar con incentivos que oscilan entre os 3.900 e 6.800 euros e a dunha muller entre os 5.100 e 8.000 euros.

Se a contratación é temporal, o incentivo por ser home será entre 2.000 e 4.000 euros e no caso de que sexa unha muller de entre 2.600 e 4.600 euros.

#### Emprego con apoio

En segundo lugar, a orde que sae publicada no DOG tamén recolle axudas para o programa de emprego con apoio, que subvenciona as entidades promotoras deste tipo de proxectos financiando os custos laborais e de seguridade social derivados da contratación dos preparadores laborais que leven a cabo as accións de apoio.

Estas accións desenvólvense no marco de proxectos de emprego con apoio nos que se deberán recoller, entre outros, labores de orientación,

asesoramento e acompañamento á persoa con discapacidade, elaborando para cada persoa un programa de adaptación ao posto laboral; actividades de achegamento e mutua axuda entre as persoas beneficiaria do programa de emprego, o empregador e o persoal da empresa que comparta tarefas co traballador con discapacidade; e apoio á persoa traballadora no desenvolvemento de habilidades sociais e comunitarias de modo que se poida relacionar co contorno laboral nas mellores condicións.

Tamén deberán incluír un adiestramento específico da persoas traballadoras nas tarefas inherentes ao posto laboral; un seguimento e avaliación do proceso de inserción; e asesoramento e información á empresa sobre as necesidades e os procesos de adaptación.

Pola tanto, fináncianse a través deste programa actividades de orientación e acompañamento individualizado no posto laboral, prestadas por preparadores laborais especializados que teñen por obxecto facilitar a adaptación social e laboral dos traballadores e traballadoras con discapacidade con especiais dificultades de inserción laboral en empresas do mercado ordinario de traballo.

### Preto do 80 por cento dos case 1.800 participantes nas probas de competencias clave acadaron o aprobado

- ▶ A Consellería de Traballo e Benestar publicou os resultados na páxina web
- ▶ Estas probas dirixíxense ás persoas que non posúen os requisitos de formación básicos para acceder aos cursos con certificados de profesionalidade

**Santiago, 24 de xullo de 2013.-** Arredor do 80 por cento dos case 1.800 participantes nas probas de competencias clave acadaron o aprobado. A Consellería de Traballo e Benestar publicou na súa páxina web os resultados.

Estas probas dirixíxense ás persoas que non posúen os requisitos

de formación básica (ESO no caso do nivel 2, e bacharelato no nivel 3) para acceder aos cursos vinculados aos certificados de profesionalidade.

Estes exames garanten que as persoas posúen os coñecementos e capacidades básicos para acceder a estas actividades formativas

con aproveitamento, o que lles permitirá obter un certificado de profesionalidade con carácter oficial e alcance estatal.

No caso da avaliación do nivel 2, a porcentaxe de aptos chegou ao 81,57 por cento de media nas 7 competencias. A área con maior aprobados foi a de dixital, seguida pola lingua castelá, lingua galega, tecnoloxía, matemáticas e ciencias. O resultado menos bo foi o de lingua inglesa, cun 34,80 por cento.

Pola súa banda, a cifra de aprobados nas probas do nivel 3 foi do 78,17 por cento. Neste caso, e por orde, as áreas con mellores resultados foron: lingua galega, tecnoloxía, ciencia, dixital, matemática, lingua castelá e inglés.

Mediante a convocatoria destas probas, o departamento autonómico reafirmase na súa aposta de fomentar a calidade da formación para o emprego, que ten como obxectivo acadar a inserción profesional no mercado laboral.

## Informe do paro rexistrado

### Galicia pechou agosto cun descenso do paro rexistrado de 3.578 persoas, o mellor dato deste mes desde 1996

**Santiago, 3 de setembro de 2013.-** Galicia pechou agosto cun descenso do paro rexistrado de 3.578 persoas (-1,37%), o que supón o mellor dato neste mes desde 1996, tal e como sucedeu en xullo e xuño, que tamén tiveron as mellores baixadas absolutas do histórico.

A directora xeral de Emprego e Formación, Ana María Díaz, cualificou este dato como positivo, en canto que hai unha importante baixada dentro da serie histórica e que Galicia se sitúa por riba da media estatal.

En concreto, en España o desemprego descendeu en 31 persoas, ata os 4.689.783 parados, un 0,0 por cento se se compara co mes anterior.

Así, a diminución de Galicia (-1,37%) é superior ao 0 por cento da media estatal.



Ademais, a responsable autonómica salientou tamén que se trata da sexta baixada consecutiva do ano, isto é, nos últimos seis meses o paro baixou en Galicia un total de 35.299 persoas.

A nivel interanual, o incremento galego foi do 0,1 por cento, "polo tanto, de agosto a agosto o paro practicamente non medrou, o que amosa a contención da destrución de emprego". Esta cifra supón tamén a mellor evolución desde 2007 e sitúa a Galicia como a cuarta comunidade na que menos sube o paro en termos interanuais.

Por sectores de actividade, o maior descenso prodúcese no colectivo sen emprego anterior (1.219) e na construción (-1.190). A continuación, sitúanse os servizos (-770), a agricultura e a pesca (-261) e a industria (-138).

O paro baixou en todas as provincias. A Coruña é a que rexistra unha maior baixada (-1.255), seguida de Pontevedra (-1.218), Lugo (-726) e Ourense (-469).

En canto aos contratos, no mes de agosto rexistráronse en Galicia un total de 64.673 contratos, 19.622 contratos menos que no mes anterior. Deste total, 3.681 foron indefinidos (5,69 por cento) e 60.992 temporais (94,31%).



## Traballo e economía social

### A Xunta revisa máis de 350 convenios colectivos desde a perspectiva de xénero para velar polo cumprimento da igualdade nas empresas

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, inaugurou en Santiago a xornada 'A igualdade na empresa como estratexia de xestión'
- ▶ Mato destacou a importancia dos beneficios sociais e económicos que xera a igualdade de xénero en materia laboral
- ▶ Salientou que as mulleres son un colectivo prioritario para a Xunta en todas as convocatorias de axudas de emprego
- ▶ Lembrou que o programa Executiva, posto en marcha de forma pioneira polo departamento autonómico, beneficiou nas súas dúas edicións a 400 mulleres
- ▶ A Xunta certificou a implantación de plans de igualdade en 10 empresas galegas e na actualidade están en tramitación outras 64
- ▶ A secretaria xeral de Igualdade, Susana López Abella, clausurará a xornada e incidirá no VI Plan Galego para a Igualdade entre mulleres e homes



**Santiago, 12 de xullo de 2013.-** A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, destacou a importancia dos beneficios sociais e económicos que xera a igualdade de xénero en materia laboral na inauguración en Santiago da xornada 'A igualdade na empresa como estratexia de xestión'.

Mato salientou que por este motivo o departamento autonómico puxo en marcha diversas medidas que fomentan e favorecen a igualdade de xénero, como é por primeira vez en Galicia a revisión dos convenios colectivos desde a dita perspectiva. Neste senso indicou que xa se revisaron máis de 350 a través da Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre Mulleres e Homes na negociación colectiva, que puxo en marcha o Goberno galego en 2009.

Mato indicou, así mesmo, que a Xunta está a asesorar as empresas galegas sobre a implantación de plans de igualdade. Ao respecto, lembrou que a Administración autonómica expediu para 10 empresas as certificacións oficiais destes plans e que na actualidade están en trámite outros 64.

Así mesmo, engadiu que as mulleres son un colectivo prioritario de todas as convocatorias de axudas de emprego da

Consellería de Traballo e Benestar, ao tempo que sinalou que 400 mulleres se beneficiaron do programa Executiva posto tamén en marcha polo departamento autonómico de forma pioneira, co obxectivo de fortalecer a capacidade de liderado das traballadoras galegas.

Outras das medidas do Goberno galego para favorecer a igualdade de xénero é a creación da Marca Galega de Excelencia Empresarial en Igualdade, que premia o esforzo e as actuacións das empresas en favor da equidade. Ata o de agora dúas empresas contan con este distintivo.

Tamén destacan a comisión para integrar a igualdade dentro das políticas de prevención de riscos laborais ou a elaboración dunha lista coa relación das profesións nas que as mulleres galegas están subrepresentadas, co obxectivo de achegar información para acadar unha maior integración das mulleres no mercado laboral e, en especial, naqueles sectores que presenten mellores perspectivas de empregabilidade.

Por último, Mato fixo fincapé na aposta da Xunta pola conciliación da vida persoal, laboral e familiar impulsando plans e medidas nas empresas e organismos e creando prazas públicas de educación infantil.

Apelou, en definitiva, á posta en marcha de actuacións deste tipo incidindo en que para iso é "imprescindible" contar coa vontade e o esforzo de toda a sociedade, polo que destacou a importancia do labor de sensibilización social e divulgación.

A secretaria xeral da Igualdade, Susana López Abella, clausurou esta xornada, que versou sobre a necesidade de aumentar a visibilización da muller na xestión empresarial e en todos os ámbitos da sociedade, para conseguir un maior aproveitamento do talento feminino. López Abella

sinalará que as claves do cambio son a formación, o traballo, a toma de decisións equilibradas e a discriminación positiva.

Na mesma liña, López Abella referiuse ao VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes, que tenta potenciar unha participación máis ampla das mulleres no desenvolvemento económico e social de Galicia, aproveitando o talento, a experiencia e a visión deste valioso capital humano para fomentar unha organización empresarial máis comprometida coa igualdade de xénero.

### Rueda salienta a posta en marcha do Plan contra o traballo non declarado en Galicia, un plan "ambicioso para protexer as empresas, os traballadores e combater a economía somerxida"

- ▶ "Somos conscientes de que as prácticas laborais non declaradas atentan contra o principio de igualdade, supoñen unha competencia desleal e levan aparellada a desprotección dos traballadores", sinala
- ▶ Avanza que o plan prevé intensificar as inspeccións un 20% respecto das que se viñan facendo, chegando ás 16.000
- ▶ Remarca que tamén se intensificará a campaña de inspección sobre os ERE aprobados, que se ten iniciado o pasado ano en Galicia, co obxecto de comprobar que se cumpre co acordado
- ▶ Subliña que, ao abeiro desta campaña, o pasado ano xa se fixeron arredor de 300 inspeccións e o obxectivo deste plan no ano 2013 é chegar ás 600, duplicando así as do exercicio anterior

**Santiago, 11 de xullo de 2013.-** O vicepresidente da Xunta e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Alfonso Rueda, avanzou a posta en marcha do Plan contra o traballo non declarado en Galicia, que foi abordado na reunión do Consello da Xunta, un plan que cualificou de "ambicioso para protexer as empresas, os traballadores e combater a economía somerxida".

"Somos conscientes de que as prácticas laborais non declaradas atentan contra o principio de igualdade, supoñen unha competencia desleal e levan aparellada a desprotección dos traballadores e, polo tanto, para paliar todo isto poñemos en marcha este plan de loita contra o traballo non declarado que, entre outras medidas, prevé intensificar as inspeccións un 20% respecto das que se viñan facendo, chegando ás 16.000".

"É un plan específico, un plan ambicioso, novidoso e que ademais busca utilizar todos os medios que están ao alcance da Xunta de Galicia para detectar e corrixir as prácticas de emprego non declarado", abundou Rueda.

Na mesma liña, explicou que o traballo non declarado supón prexuízos para as arcas autonómicas, por canto representa actividades que non cotizan;

competencia desleal para as empresas que si cumpren coa legalidade; e desprotección sociolaboral dos traballadores afectados. "Polo tanto –argumentou–, o dobre obxectivo que se persegue é protexer as empresas que cumpren desa competencia desleal, máis necesario que nunca agora e rematar coa vulnerabilidade dos traballadores e coa existencia de que se respecten os seus dereitos".

Para iso avanzou que se intensificarán as inspeccións de emprego irregular nun 20% co fin de tentar evitar "as infraccións que se dan na nosa comunidade e que se circunscriben á falla de afiliación e á falla de alta na Seguridade Social". "Vanse realizar máis de 16.000 actuacións, imos tentar conseguir que diminúa este tipo de comportamento o máximo posible", aseverou o vicepresidente da Xunta.

Remarcou, ademais, que se intensificará a campaña de inspección sobre os ERE aprobados, que xa se iniciou o pasado ano en Galicia. Trátase de comprobar que no caso dos ERE de suspensión ou de redución de xornada se cumpre o acordado e que, polo tanto, non hai ningunha práctica abusiva respecto dos traballadores en referencia ao que se fixo cando se aprobou

o ERE, explicou. "O ano pasado fixéronse arredor de 300 inspeccións ao abeiro desta campaña e o obxectivo deste plan no ano 2013 é chegar ás 600, polo tanto, duplicando as do ano pasado", afirmou.

Alfonso Rueda tamén aludiu a outro eixo "fundamental" que é a cooperación entre Administracións: "por suposto, dixo, coa Administración xeral do Estado, coordinación co ministerio do que depende a Inspección de Traballo e tamén –indicou–, a nosa idea é asinar un protocolo de colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias, FEGAMP, para poder cruzar a información sobre altas de actividade, baixas e, polo tanto, poder saber onde se están producindo esas actividades co obxectivo de poder cumprir este plan", concluíu.



O vicepresidente, na rolda de prensa tras o Consello



## Traballo e economía social

### Traballo colabora co clúster de automoción de Galicia na elaboración dunha guía de responsabilidade social empresarial

- ▶ O documento recolle as claves dunha política correcta de RSE coas correspondentes vantaxes competitivas
- ▶ Unha vez rematada a publicación, difundirase entre as empresas asociadas de Ceaga
- ▶ A iniciativa enmárcase no Plan estratéxico de RSE en Galicia promovido pola Consellería de Traballo e Benestar.

**Santiago, 19 de agosto de 2013.-** A Consellería de Traballo e Benestar está a colaborar co clúster de automoción de Galicia na elaboración dunha guía de responsabilidade social empresarial (RSE) que recollerá fundamentalmente as claves dunha correcta política de RSE coas súas correspondentes vantaxes competitivas.

A guía, unha vez rematada, difundirase entre as empresas asociadas de Ceaga. O documento incluirá

diversos contidos e estruturarase en tres partes. A primeira centrarase na RSE como mellora competitiva, incluíndo aspectos como a optimización da cadea de valor, o retorno das accións sociais e ambientais e o compromiso I+D+i. A segunda parte versará sobre a memoria de RSE e a terceira incluírá diferentes conceptos do sistema de medición. Prevese que a guía se difunda entre as empresas asociadas de Ceaga a través das redes sociais a finais deste ano.

Esta iniciativa enmárcase nun plan que está a desenvolver o clúster da automoción de Galicia para compartir co seus asociados un modelo común de xestión de RSE, así como contar cun sistema propio de medición que permita tanto avaliar os avances rexistrados como identificar campos de mellora.

O que se pretende é compartir cos socios do clúster as vantaxes reais aportadas por unha correcta xestión da RSE, é dicir, crear a base dunha responsabilidade social sectorial en clave de mellora competitiva.

Para iso, ademais da elaboración da guía, que está a realizar xunto coa Consellería de Traballo e Benestar, o clúster desenvolverá

nunha segunda fase unha memoria de responsabilidade social de Ceaga e solicitará a adhesión á Rede do pacto mundial, é dicir, buscará a aprobación da ONU a través da súa oficina da Rede do pacto mundial en España.

A colaboración do departamento autonómico neste proxecto enmárcase no Plan Estratéxico de RSE en Galicia promovido pola Consellería de Traballo e Benestar, así como nas actuacións de carácter sectorial que está desenvolvendo neste ámbito. Neste senso, cabe lembrar que xa se publicou unha guía de RSE do sector téxtil e nestes momentos estase a elaborar outra centrada no sector da conserva.

### A sinistralidade laboral diminúe un 8,72 por cento nos sete primeiros meses do ano

- ▶ Entre os meses de xaneiro e xullo rexistráronse 12.735 sinistros fronte aos 13.952 do mesmo período do ano 2012

**Santiago, 25 de agosto de 2013.-** A sinistralidade laboral diminuíu un 8,72% nos sete primeiros meses do ano, cun total de 12.735 accidentes laborais fronte aos 13.952 rexistrados no mesmo período do ano 2012.

Este descenso dos accidentes laborais produciuse en todas as provincias. Así, a baixada foi do 10,26%

na Coruña; do 9,84% en Pontevedra; dun 5,36% en Ourense; e do 1,59% en Lugo.

O total dos accidentes en xornada laboral rexistrados en Galicia en xullo de 2013 aumentou un 5,04%. Neste mes rexistráronse 1.916 sinistros fronte aos 1.824 contabilizados no mesmo mes do ano anterior.

Do total dos accidentes, 1.875 foron leves, 38 graves e 3 mortais.

Diminuiron os sinistros na construción nun 21,86% e na pesca nun 9,38%. Aumentaron, pola súa banda, na industria nun 5,07%, nos servizos nun 11,69% e na agricultura nun 73,02%.

Para ter unha visión precisa da evolución da sinistralidade laboral, utilízase o índice de incidencia, que compara o número de accidentes

co número de traballadores coas contingencias profesionais cubertas.

O índice de incidencia do total dos accidentes en xornada laboral en Galicia, aumentou un 4,79% en xullo deste ano respecto ao mesmo mes do ano anterior. Por sectores, diminuíu na construción nun 10,71% e na pesca nun 5,64%. Aumentou nos servizos nun 7,96%, na industria nun 9,46% e na agricultura nun 86,80%.

[http://issga.xunta.es/portal/contido/observatorio/estadisticas/accidentes/norma\\_0004.html](http://issga.xunta.es/portal/contido/observatorio/estadisticas/accidentes/norma_0004.html)



## Política social

### Benestar destina 1,3 millóns para apoiar os concellos no desenvolvemento de programas de inclusión social

- ▶ O Diario Oficial de Galicia (DOG nº 153, do 12.08.2013) publica a orde que regula as ditadas subvencións e que permite complementar a Lei de inclusión social con accións concretas que afectan singularmente en maior grao algúns colectivos
- ▶ Centrarase no cofinanciamento de programas desenvolvidos polas corporacións locais para a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e, como novidade, doutras persoas en risco de exclusión beneficiarias da Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA)
- ▶ Nos programas dirixidos á comunidade xitana investiranse máis de 600.000 euros en accións formativas ou informativas; para a poboación inmigrante, máis de 373.000 euros; e para beneficiarios da RISGA, máis de 370.000 euros
- ▶ Doutra banda, o DOG publica tamén a ampliación do importe dos créditos destinados a subvencionar a entidades de iniciativa social para a promoción de actividades de servizos sociais comunitarios e inclusión social na súa convocatoria para este ano 2013
- ▶ En concreto, aumentarase a cuantía en preto de 370.000 euros ata os preto de 3,3 millóns de euros

**Santiago, 12 de agosto de 2013.-** A Consellería de Traballo e Benestar destinará 1,3 millóns de euros para o cofinanciamento de programas desenvolvidos polas corporacións locais para a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e, como novidade, doutras persoas en risco de exclusión beneficiarias da Renda de inclusión social de Galicia (RISGA).

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica a orde que regula as ditadas subvencións e que permite complementar a Lei de inclusión social con accións concretas que afectan singularmente en maior grao algúns colectivos, tales como actuacións de carácter residencial das persoas e familias incorporadas aos procesos de realoxamento e erradicación do chabolismo ou con carencias básicas no fogar; accións de carácter educacional no marco da pobreza infantil, co obxectivo de favorecer desde o ámbito sociofamiliar a plena normalización no sistema educativo dos menores.

Así mesmo, inclúe medidas hixiénico-sanitarias para a adquisición de pautas normalizadas de atención aos problemas derivados da súa carencia; ou actuacións de información, asesoramento e apoio, no caso das persoas

inmigrantes, para a realización de trámites precisos nas autorizacións e renovacións de residencia de traballo, homologación de títulos, reagrupamentos familiares e na emisión de informes de arraigo e de vivenda axeitada.

Para os programas para a inclusión social de persoas beneficiarias da RISGA, os concellos contarán con máis de 370.000 euros para a realización de itinerarios personalizados e formación en habilidades básicas e outra formación pre-laboral e ocupacional axeitada ás necesidades destas persoas.

Estes itinerarios incluírán accións necesarias para o deseño, acompañamento e a mellora de aptitudes básicas, desenvolvemento persoal ou técnicas de busca de emprego. A execución dos ditos itinerarios implicará necesariamente que os participantes asistan a actividades formativo-laborais e poderanse incluír outras de carácter residencial, educacional ou de adquisición de pautas hixiénico-sanitarias.

Nos programas dirixidos á comunidade xitana investiranse máis de 600.000 euros en accións formativas ou informativas, ademais de considerarse como unidade básica de intervención a social, que consiste na atención

individualizada co obxectivo final da inserción sociolaboral.


A directora xeral de Familia e Inclusión, Amparo González, explicou que no ano 2012 incluíase a obrigatoriedade de que estes proxectos tivesen accións recollidas na área de formación e emprego e "este ano dáse un paso máis, incidindo na necesidade de que teñan un itinerario individual, así como financiando itinerarios, cursos laborais e prelaborais".

Nos programas dirixidos á poboación inmigrante destinaranse máis de 373.000 euros para financiar asesoramento técnico especializado; reforzo educativo para o alumnado inmigrante en Galicia; aprendizaxe das linguas

da sociedade de acollida para adultos; intervención social realizada a través de itinerarios de inclusión sociolaboral personalizados e accións formativas para: desempeño dun posto de traballo, introdución á sociedade de acollida, alfabetización dixital, prácticas en empresas, adquisición de competencias clave, obtención de títulos e certificados de profesionalidade e creación de emprego autónomo.

Estas subvencións concederanse en réxime de concorrencia competitiva e priorizarase a solicitude conxunta do programa por varios concellos. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes desde o día seguinte da súa publicación no DOG.

[http://www.xunta.es/dog/Publicados/2013/20130812/AnuncioCA05-060813-0002\\_gl.pdf](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2013/20130812/AnuncioCA05-060813-0002_gl.pdf)



#### Entidades de iniciativa social


Doutra banda, o DOG publica tamén a ampliación do importe dos créditos destinados a subvencionar a entidades de iniciativa social para a promoción de actividades de servizos sociais comunitarios e inclusión social na súa convocatoria para este ano 2013. En concreto, aumentarase a cuantía en preto de 370.000 euros ata os case 3,3 millóns de euros.

Trátase da ampliación da orde publicada o pasado 30 de maio que xorde como resultado da unificación de tres ordes (albergues

e comedores, programas para entidades de iniciativa social e para as persoas inmigrantes) nunha soa convocatoria, mantendo o orzamento total destinado a estes proxectos no exercicio anterior.

Esta novidade permite unha maior axilidade na tramitación dos expedientes, ademais de procurar a máxima eficiencia, ao tempo que se tenta facer un procedemento máis claro que facilite a estas entidades a solicitude destes programas.

[http://www.xunta.es/dog/Publicados/2013/20130812/AnuncioCA05-070813-0006\\_gl.pdf](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2013/20130812/AnuncioCA05-070813-0006_gl.pdf)





## Feijóo resalta o apoio da Xunta á discapacidade, ao blindar este ano o orzamento con 83 millóns de euros e ao ter executado o 90% do Plan de acción integral 2010-2013

- ▶ Asegurar a integración das persoas con discapacidade é un dos vectores que guían as políticas sociais da Xunta
- ▶ Nos últimos catro anos o Goberno galego creou 631 novas prazas públicas de atención á discapacidade, o que supón un incremento do 14,5%
- ▶ A Xunta traballa nunha nova Lei de accesibilidade que será remitida ao Parlamento galego neste ano, en que tamén se creará a Rede autonómica de atención temperá, que conxunga a tripla perspectiva sanitaria, educativa e de servizos sociais
- ▶ Nos próximos días o Consello da Xunta aprobará a Carteira de servizos para a dependencia, que recolle por primeira vez servizos específicos para as persoas con parálise cerebral
- ▶ A Xunta destina cada ano 3,8 millóns de euros a manter as 260 prazas públicas para afectados por parálise cerebral



servizos públicos; na aposta polo emprego e no compromiso cunha accesibilidade universal.

Trátase dun plan aínda en marcha este ano, pero que presenta xa un balance positivo, pois ten executado o 90% das liñas que o conforman, dando cumprimento a 264 medidas das 305 recollidas na estratexia.

### Incremento das prazas públicas

Nesa aposta enmárcase o incremento continuo das prazas públicas para persoas con discapacidade, que aumentaron nun 14,5% nos últimos catro anos, coa creación de 631 novas prazas.

O Goberno galego traballa ademais, para trasladar ao Parlamento este mesmo ano, unha nova Lei de accesibilidade, e tamén en 2013 creará a Rede autonómica de atención temperá que conxuga a tripla perspectiva sanitaria, educativa e de servizos sociais. Trátase dunha rede que permitirá definir o espazo de competencias de cada sistema e establecer un modelo de coordinación que redunde nunha mellor atención.

### Atención á parálise cerebral

A vontade do Goberno autonómico é seguir avanzando e con ese obxectivo fórmulase a inmediata aprobación polo Consello da Xunta da Carteira de servizos para as persoas en situación de dependencia que recolle por primeira vez servizos específicos para as persoas con parálise cerebral.

O obxectivo é dotar dun tratamento diferenciado a estas persoas, mediante o deseño de servizos de atención diurna, nocturna, ocupacional e residencial adaptados ás necesidades de cada quen para garantir unha atención da máxima calidade.

A Xunta de Galicia destina cada ano 3,8 millóns de euros a manter as 260 prazas públicas para afectados por parálise cerebral.



## Constitúese o Consello Galego de Benestar Social no que participarán a Administración, as entidades e os profesionais

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presidiu esta sesión, tras a que se celebrou unha reunión extraordinaria para avaliar a normativa de servizos sociais que está actualmente en tramitación
- ▶ Trátase do órgano consultivo superior do Sistema galego dos servizos sociais
- ▶ Mato destacou a necesidade de “coordinación e transversalidade” na atención social
- ▶ Valorou especialmente a presenza das entidades e asociacións de usuarios, que “traballan día a día coas persoas que máis o precisan”.

**Santiago, 1 de agosto de 2013.-** O Consello Galego de Benestar Social quedou constituído esta mañá, nunha sesión que estivo presidida pola conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, e que tivo lugar en Santiago de Compostela.

Con esta iniciativa, dáse cumprimento á Lei de servizos sociais e

ao decreto que desenvolve os seus instrumentos de participación. En concreto, este será o órgano consultivo superior do Sistema galego de servizos sociais e contará cunha “participación plural”. Neste sentido, Mato destacou a necesidade de coordinación e transversalidade” nunha área tan complexa como a atención aos que máis o precisan.

Así, nel estarán representadas cinco consellerías, para garantir unha liña de traballo conxunta; así como os concellos, a través da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), que achegarán a proximidade cos cidadáns.

Con todo, Mato quixo poñer en valor que non só a Administración formará parte deste consello, senón que o que lle outorga “riqueza e pluralidade” é poder contar nel cos representantes sindicais e empresariais, os colexios profesionais, as asociacións agrarias, as universidades, as entidades que prestan servizos sociais e as asociacións de usuarios.

Precisamente, fixo especial referencia a estes dous últimos

colectivos porque “non existe mellor exemplo de proximidade que eles, que traballan día a día coas persoas que máis o necesitan. É a nosa responsabilidade escoitalos e aprender da súa experiencia”.

En canto aos seus obxectivos, este órgano será unha “ferramenta fundamental” para avaliar e mellorar o sistema de servizos sociais de Galicia, ao tempo que ofrece unha vía para o diálogo e o desenvolvemento de respostas ás necesidades dos cidadáns.

O Consello, ademais de quedar constituído, celebrou a súa primeira sesión extraordinaria, na que se informou da normativa en materia de servizos sociais que está tramitando actualmente o Goberno galego.

## Benestar formará este ano preto de 2.000 coidadores non profesionais de persoas con dependencia

- ▶ Trátase do programa “Xuntos nos coidados”, posto en marcha en 2010 e que a finais deste ano terá beneficiado preto de 9.000 persoas en 345 accións formativas
- ▶ A secretaria xeral de Política Social, Coro Piñeiro, indicou que no primeiro semestre do ano o departamento autonómico xa levou a cabo 36 cursos de formación básica para 900 persoas coidadoras non profesionais
- ▶ No segundo semestre do ano levaranse a cabo as accións formativas de carácter especializado, dirixidas a 800 coidadores informais de persoas con demencias
- ▶ Así mesmo, a Consellería tamén levará a cabo accións formativas dirixidas a 225 coidadores informais de persoas con enfermidades crónicas

**Santiago, 18 de agosto de 2013.-** Preto de 2.000 coidadores non profesionais de persoas en situación de dependencia poderán formarse ao longo de 2013 en accións formativas no marco do programa ‘Xuntos nos coidados’ da Consellería de Traballo e Benestar. Trátase dun programa de formación non formal e apoio aos coidadores non profesionais de persoas en situación de dependencia con dereito recoñecido, posto en marcha en 2010 e que a finais deste ano terá beneficiado a preto de 9.000

persoas en 345 accións formativas.

A secretaria xeral de Política Social, Coro Piñeiro, indicou que, en concreto, no primeiro semestre do ano o departamento autonómico levou a cabo 36 cursos de formación básica para persoas coidadoras non profesionais, formando preto de 900 alumnos.

No segundo semestre do ano levaranse a cabo as accións formativas de carácter especializado, dirixidas a coidadores informais de persoas con demencias, estando previstas a realización de 32

accións formativas especializadas en 32 localidades diferentes, cos que se prevé formar a un total de 800 alumnos.

Así mesmo, neste ano 2013, na liña de seguir potenciando o programa e co obxectivo prioritario da garantía duns coidados de calidade como eixo das súas actuacións, a Consellería tamén levará a cabo accións formativas dirixidas a coidadores informais de persoas con enfermidades crónicas, e neste sentido prevese levar a cabo 9 accións formativas para formar un total de 225 persoas coidadoras.

Piñeiro lembrou que o departamento autonómico puxo en marcha este programa en 2010, ademais de elaborar os manuais básicos e especializados de formación para as persoas coidadoras non profesionais: a Guía para coidados no contorno familiar, o Manual para coidados no contorno familiar de persoas con demencia, o Manual de formación para coidados no

contorno familiar de persoas con enfermidade mental’ e o Manual de formación para coidados no contorno familiar de persoas con enfermidades crónicas, garantindo a calidade dos contidos formativos e o seguimento duns criterios homoxéneos en toda a Comunidade, e dos que se pode dispoñer a través do seguinte enderezo electrónico:

<http://benestar.xunta.es/web/portal/guias>.

Asemade, as persoas coidadoras dispoñen, desde o ano 2011, en colaboración coa Consellería de Sanidade, dun apoio continuo de atención telefónico aos coidadores non profesionais de persoas en situación de dependencia a través do teléfono 902 400 116 que ten como obxectivo prestar información e solucións ás situacións sanitarias non urxentes, sobre: coidados asistenciais, características das probas médicas, prevención e hábitos saudables, centros e servizos sanitarios e apoio psicolóxico.



## Máis de 300 novos artistas galegos participan este ano con 236 obras no certame 'Xuventude Crea' que organiza Benestar



<http://xuventude.xunta.es/xuventude-crea.html>

- O concurso inclúe diversas especialidades, desde teatro, artes plásticas e música ata relato breve, poesía, banda deseñada ou graffiti
- A modalidade con máis obras presentadas é a de artes plásticas cun total de 65

**Santiago, 16 de agosto de 2013.-** Máis de 300 novos artistas de Galicia participan este ano no certame 'Xuventude Crea' que organiza e financia a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado. Nesta edición concorrerán un total de 236 obras nas diferentes especialidades deste concurso: teatro, artes plásticas, música, relato breve, poesía, videocreación, banda deseñada, graffiti, carteis, moda e deseño de xoias. A modalidade con máis obras presentadas ao concurso é a de artes plásticas cun total de 65, seguida por relato breve con 37 e poesía con 30.

Nas vindeiras semanas o xurado iniciará a análise dos traballos presentados para escoller aos premiados. Nesta edición, como novidade, e co obxectivo de axudar a inserción laboral da mocidade, o xurado estará composto por empresarios e profesionais que ocupan postos de decisión en cada un dos sectores implicados no certame, un xeito que permitirá aos participantes poñer as súas creacións en contacto co mundo empresarial de forma directa.

Cada unha das especialidades conta con tres premios: un primeiro dotado de 3.000 euros; o segundo de 1.500; e o terceiro de 1.000 euros. Ademais, as obras premiadas participarán en exposicións colectivas ou serán presentadas, segundo corresponda, no marco do Circuito Galego de Creatividade Xuvenil que organiza a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

No certame de 'Xuventude Crea' participan mozos e mozas galegos non profesionais con idades comprendidas entre os 16 e os 30 anos. Salvo no caso das especialidades de teatro, música, banda deseñada e graffiti, a participación é sempre a título individual. Todas as obras son en galego, orixinais e inéditas.

<http://xuventude.xunta.es/>



## O Programa voluntariado dixital da Xunta formará en novas tecnoloxías e software libre a 70 reclusos dos sete centros penitenciarios galegos

- A iniciativa arrancou esta semana no centro de Monterroso, onde voluntarios dixitais da Asociación de Usuarios de Software Libre da Terra de Melide, MELISA, impartirán talleres tecnolóxicos a 10 internos
- A primeira aplicación práctica desta formación será a reparación de equipamento informático que pasará a formar parte dunha nova aula informática con software libre na prisión de Monterroso.

**Santiago, 14 de xullo 2013.-** O Programa voluntariado dixital, en colaboración coa Asociación de Usuarios de Software Libre da Terra de Melide (MELISA), entidade colaboradora do Programa, poñen en marcha o proxecto "Tecnoloxía e software libre en centros penitenciarios galegos", que comezou esta semana no Centro Penitenciario de Monterroso, en Lugo, e que se estenderá aos sete centros penitenciarios da Comunidade, tras o verán.

O proxecto ten como obxectivo promover a inserción laboral dos reclusos á saída de prisión, ofrecendo aos asistentes formación e práctica no ámbito das tecnoloxías da información e a comunicación TIC e no eido do software libre. A primeira aplicación práctica desta formación será a reparación de equipamento informático que pasará a formar parte dunha nova aula informática con software libre na prisión de Monterroso.

### Talleres teóricos e prácticos

O programa formativo estruturase en tres talleres tecnolóxicos,

que permitirán que os internos das prisións galegas adquiren os coñecementos básicos para poder identificar os compoñentes dun ordenador, instalar e configurar un sistema operativo libre.

A través destes talleres, de 3 días de duración, os internos das prisións poderán finalmente verificar o funcionamento de equipos informáticos cos que conta o seu centro penitenciario respectivo para poñer en marcha unha aula de informática con software libre e xestionada por eles mesmos.

Para poder acadar os niveis de calidade desexados, seleccionárase un número reducido de presos en cada centro de acordo coa súa formación, intereses, preparación e aptitudes, e en colaboración coa dirección de cada centro. Con eles, formularase un grupo de traballo intensivo, con atención personalizada e conexión permanente na práctica co equipo de formación.

A Asociación de Usuarios de Software Libre da Terra de Melide, MELISA, constitúese formalmente a finais do ano 2008, como

resultado das inquietudes de varios veciños de Melide, amantes da cultura libre e da tecnoloxía en xeral, e desenvolven múltiples actividades de difusión e promoción do software libre, alcanzando diferentes sectores sociais; educativo, empresarial, administración, etc. MELISA é unha asociación adherida ao Programa de voluntariado dixital da Xunta de Galicia, e presta apoios dixitais en cinco actividades de fomento do software libre en Galicia. Ademais, está asociación tamén colabora do Plan de acción en materia de software libre da Xunta de Galicia e asinou un acordo coa Amtega para a difusión do software libre en Galicia no que se inclúe esta actuación nos centros penitenciarios galegos.

### Programa voluntariado dixital e Plan de software libre da Xunta 2013

Esta iniciativa enmárcase nos apoios que están a proporcionar os voluntarios do Programa de voluntariado dixital da Xunta de Galicia. Esta iniciativa, impulsada pola Amtega e a Consellería de Traballo e Benestar o ano pasado, busca incorporar as novas tecnoloxías á vida cotiá dos galegos, facendo especial fincapé nos colectivos de persoas onde a fenda dixital se fai máis evidente.

No seu primeiro ano de andaina o Programa voluntariado dixital conseguiu a adhesión de 41 entidades de acción voluntaria, 14 organismos colaboradores e 23 empresas do sector tecnolóxico.

A este apoio de entidades colaboradoras e mecenas dixitais hai que sumar a dos máis de 220 voluntarios que se adheriron á iniciativa e que poñen á disposición das entidades de acción voluntaria o seu tempo e os seus coñecementos naqueles proxectos relacionados coas TIC que se vaian lanzando no marco deste programa. Os únicos requisitos que deben cumprir son ser maior de idade e ter un coñecemento tecnolóxico de usuario medio.

A iniciativa suma así a solidariedade individual, a responsabilidade social das empresas do ámbito tecnolóxico, a colaboración das asociacións sen ánimo de lucro e o aproveitamento das infraestruturas públicas para incrementar as accións de alfabetización dixital.

Así mesmo, este proxecto nos centros penitenciarios galegos, é unha actividade incluída nos convenios firmados entre a Amtega e as Asociacións de Usuarios de Software Libre de Galicia (AGUSL) para impulsar a promoción e fomento do uso de software libre entre a cidadanía.

<http://www.voluntariadogalego.org/web/>





## Xuventude e voluntariado

### O Proxecto Yuzz reconece tres proxectos de mozos galegos entre os mellores a nivel nacional para crear empresas tecnolóxicas

- ▶ Durante un período de 7 meses, 60 mozos e mozas emprendedores participaron nesta iniciativa, desenvolvida en colaboración coa Xunta de Galicia
- ▶ Estes tres proxectos (dos centros de Santiago, Ourense e Vigo) conseguiron unha praza para viaxar a Silicon Valley, ao situarse entre os 33 máis brillantes de toda España
- ▶ No último trimestre do ano, elixíranse as tres propostas máis destacadas do país, que recibirán unha dotación económica (30.000, 20.000 y 10.000 euros) para colaborar na materialización da súa idea de negocio.

**Santiago, 2 de xullo de 2013.-**

O proxecto YUZZ, viveiro de formación e asesoramento para mozos e mozas de 18 a 30 anos con proxectos de base tecnolóxica, desenvolvido en colaboración coa Xunta de Galicia, ten concluído con éxito a súa cuarta edición, permitindo a 60 mozos emprendedores de Galicia traballar na concreción dos seus proxectos empresariais. Entre estes, tres iniciativas galegas foron escollidas entre as 33 máis brillantes de toda España, grazas ao que gañaron unha praza para viaxar a Silicon Valley.

Durante un período de 7 meses, a mocidade con espírito innovador traballou no desenvolvemento de proxectos de negocios que marcarán o futuro tecnolóxico do país. Desta forma, desde o programa YUZZ, xunto co Goberno Galego, buscouse potenciar aínda máis o talento emprendedor da xuventude da comunidade autónoma, unha calidade fundamental para ser competitivos na actual conxuntura económica.

O proxecto YUZZ está concibido como un viveiro de grandes ideas, potenciando a intelixencia colaborativa e poñendo a disposición dos participantes –durante os sete meses de duración do programa– toda a infraestrutura, asesoramento, formación e coñecemento do negocio necesarios para facilitar a viabilidade do seu proxecto

Unha vez finalizado este proceso de desenvolvemento nos centros Yuzz distribuídos por toda España, representantes dos mellores proxectos a nivel nacional foron

elixidos para viaxar a Silicon Valley

Ademais, durante o último trimestre do ano os tres proxectos máis brillantes do país recibirán unha dotación económica (30.000, 20.000 e 10.000 euros) para contribuír a facer realidade a súa idea empresarial.

Tras a rolda de presentación final dos proxectos celebrados no mes de xuño, membros dos xurados presentes en cada localidade do programa YUZZ seleccionaron aos mellores mozos e mozas emprendedores do país que participaron nesta edición do programa. Representantes dos 33 proxectos máis destacados do país –entre os que se atopan os 3 galegos– viaxaron a Silicon Valley, entre os días 21 e 27 de xullo, para coñecer en primeira persoa o maior núcleo de innovación no eido das novas tecnoloxías.

#### Os 3 proxectos galegos

Do centro YUZZ de Santiago, o proxecto elixido foi Looar de José Martínez Teira. Looar desenvolve solucións baseadas na tecnoloxías NFC (Near Field Communication) para a creación de cidades intelixentes e marketing interactivo, así como para o desenvolvemento de aplicacións NFC de propósito xeral.

Esta iniciativa ten como obxectivo principal o desenvolvemento de solucións tecnolóxicas que simplifiquen e optimicen tarefas rutinarias ou cotiás mediante o uso da tecnoloxía NFC, unha tecnoloxía estándar internacional para o intercambio de datos de forma inarámica presente, a día de hoxe,

na grande maioría de smartphones e tablets de gama media-alta, que permite que a información poida estar contida dentro de adhesivos que non precisan alimentación nin instalación e que se poida extraer simplemente cun móbil (<http://looar.es>).

No centro de Ourense, a iniciativa que conseguiu unha viaxe a Silicon Valley foi a de David Sequeiros Ribao e José Luis Peña García, grazas a Wiimbo. Wiimbo é unha plataforma en liña que creará unha rede de bares e pubs xeolocalizados e clasificados por estilos musicais e ambiente. Desta forma, os usuarios buscarán o local que máis se adecúe aos seus gustos comodamente. Unha vez alí, a través dos seus smartphones, poderán elixir e votar democraticamente as cancións que queiran escoitar. Por outra parte, os bares e pubs terán a capacidade de fidelizar os seus clientes e de realizar accións promocionais a través da propia plataforma.

Ademais, Wiimbo podería chegar a ser unha ferramenta reguladora para que os artistas poidan reclamar os seus dereitos de forma máis xusta. (<http://wiimbo.com/es>)

Por último, no centro YUZZ de Vigo, o recoñecemento recaeu na iniciativa de Adrián Rubén Dogar, co proxecto SMAB. Baséase na creación dun libro audio interactivo, unha ferramenta tecnolóxica que terá aplicacións educativas,

culturais e sociais, alternativas ao libro tradicional ou ao electrónico.

Ante o exceso de información, é necesario contar cunha maneira eficaz de asimilar e dixerir máis contido internacional e cultural; por iso, o proxecto SMAB ten creado unha ferramenta tecnolóxica con seis compoñentes (dúas aplicacións nativas, un formato de arquivos, dos API's e unha aplicación web), que terá múltiples aplicacións educativas, culturais e sociais.

SMAB proporciona experiencia aumentada que mellora a lectura e a facilita a través das súas funcións como o temporizador, o son de fondo ou os marcadores de usuario.

#### Primeira edición en Galicia

Esta foi a primeira edición do programa que se celebra en Galicia, aínda que o programa arrancou en 2009. Desde o seu inicio, foi medrando e agora ten presenza en 33 cidades de España. Durante a duración do proxecto, ponse a disposición dos seleccionados o soporte necesario para desenvolver a súa idea no mercado; unha rede de expertos, formación empresarial, asesorías e tutorías personalizadas; unha plataforma de traballo en colaboración, en liña, e o soporte administrativo e xurídico necesario en caso de que a súa idea poida materializarse.

<http://www.yuzz.org/>



## Publicacións

### Catálogo de publicacións na web

#### Últimas novidades:



#### BITEB. Boletín Informativo de Trabajo e Benestar xullo 2013, nº 87

Publicación periódica mensual na que se recollen novas sobre as actuacións máis salientables da Xunta de Galicia nos eidos laboral e do benestar. Acompaña á publicación unha recompilación normativa de lexislación relacionada con estes ámbitos de carácter autonómico (DOG e diarios oficiais das restantes comunidades autónomas), estatal (BOE) e comunitario (DOUE).

▶ Acceso:

[http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/BITEB\\_06\\_2013.pdf](http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/BITEB_06_2013.pdf)

#### Consellería de Traballo e Benestar. Memoria 2012



Memoria que con carácter anual edita a Consellería de Traballo e Benestar coas actuacións máis salientables da consellería no ano 2012.

A publicación estrutúrase en tantos capítulos como ámbitos de actuación abarca, a excepción do primeiro capítulo no que se analizan temas de carácter máis transversal, como recursos humanos e económicos, igualdade laboral, publicacións, estatísticas, etc.

▶ Acceso:

[http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/memoria\\_2012.pdf](http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/memoria_2012.pdf)

#### Estatística de protección de menores



Publicación anual con información estatística sobre os menores en situación de desprotección e sobre adopcións.

Define as distintas figuras legais que protexen a situación de risco e desamparo: garda, tutela e acollemento, ben sexa familiar ou residencial.

Tamén define e analiza o proceso legal das adopcións, na súa dobre vertiente, nacional e internacional.

Por último, describe os programas de apoio ás persoas menores e ás súas familias levadas a cabo polos servizos especializados de protección da infancia.

▶ Acceso:

[http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Estatistica\\_de\\_proteccion\\_de\\_menores\\_2012.pdf](http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Estatistica_de_proteccion_de_menores_2012.pdf)

#### Folla de prevención

Publicación periódica de carácter irregular na que distintos profesionais tratan aspectos monográficos relacionados coa prevención de riscos laborais.

▶ Acceso:

<http://issga.xunta.es/portal/contido/documentacion/publicacions/follas-de-prevencion/>




#### Boletín do Instituto Galego das Cualificacións

Publicación periódica de carácter irregular do Instituto Galego das Cualificacións.

▶ Acceso:

<http://traballo.xunta.es/boletins-do-instituto-galego-das-cualificacions>





# Publicacións


## Catálogo de publicacións na web



### Guía de recursos do sistema de protección de menores

Ferramenta de traballo para dar a coñecer a profesionais e familias, os recursos dispoñibles en Galicia no sistema de detección de maltrato, medidas de prevención, axudas ou sistemas de asesoramento e para atender nenos en situación de especial vulnerabilidade.

- Acceso galego:  
[http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Definitivoguia\\_menores\\_galego.pdf](http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Definitivoguia_menores_galego.pdf)
- Acceso castelán:  
[http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Definitivoguia\\_menores\\_castellano.pdf](http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Definitivoguia_menores_castellano.pdf)



### Profesións reguladas, 2013.

Publicación periódica na que se recolle un amplo inventario de ocupacións que requiren dunha habilitación profesional para traballar. Aparecen referencias normativas, encadramento dentro dunha familia profesional e, se é o caso, a posibilidade de adquirir algunha delas a través de certificados de profesionalidade.

O informe actualízase, sempre e cando se produzan cambios normativos que modifiquen ou amplíen este contido.

- Acceso:  
[http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Profesions\\_reguladas\\_Ed\\_act\\_xullo\\_2013.pdf](http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Profesions_reguladas_Ed_act_xullo_2013.pdf)



### Ideas cooperativas en acción: manual para a posta en marcha de proxectos de autoemprego cooperativo

Historia de tres persoas que decidiron asumir o reto de emprender, de poñer en marcha as súas ideas, conscientes de que a única idea boa é a que se converte en acción. O libro explica o proceso de creación e posta en marcha dun proxecto de autoemprego colectivo en réxime de cooperativa,

como fórmula de emprendemento solidario fronte aos que deciden emprender en solitario.

- Acceso:  
[http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Ideas\\_cooperativas\\_en\\_accion.pdf](http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Ideas_cooperativas_en_accion.pdf)



### Curso de preparación para a xubilación

Este curso, estruturado en cinco módulos, enmárcase dentro dunha política de envellecemento activo que pretende axudar a mellorar a calidade de vida daquelas persoas que se enfrontan á xubilación de forma activa e saudable.

O curso, de carácter eminentemente práctico, abarca aspectos tan diversos como a saúde física e mental, as novas tecnoloxías, o tempo libre e a participación social ou aspectos xurídicos e económicos. Trata, polo tanto, de proporcionar coñecementos e recursos útiles que redundan nunha mellora na calidade de vida e promoven a autonomía dos colectivos aos que vai destinado.

- Acceso:  
[http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Curso\\_preparacion\\_xubilacion.pdf](http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Curso_preparacion_xubilacion.pdf)

### Estratexia para a prevención e detección precoz da dependencia en Galicia: horizonte 2020

Esta estratexia ten como principal obxectivo dar unha serie de recomendacións para orientar a organización e funcionamento dos diferentes servizos (sociais, sanitarios e educativos) cara unha mellora das condicións de vida das persoas en termos de saúde e autonomía persoal. O documento estrutúrase en 3 capítulos: diagnóstico da situación, estratexia e a súa implantación en termos económicos. Engádense tamén anexos que informan sobre a metodoloxía utilizada, grupos de investigación participantes, bibliografía e índices de gráficos e táboas.

- Acceso:  
[http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Estratexia\\_prevenccion\\_deteccion\\_precoz\\_dependencia\\_horizonte\\_2020.pdf](http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Estratexia_prevenccion_deteccion_precoz_dependencia_horizonte_2020.pdf)

### Cooperativas de Galicia: informe de síntese, 2010



Traballo de investigación, froito da colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Consellería de Traballo e Benestar, que se converte nun referente para todas aquelas persoas que queiran coñecer a realidade actual do cooperativismo galego e a súa máis recente evolución a partir do Libro branco do cooperativismo en Galicia.

Trátase, en definitiva, de apostar polo cooperativismo como fórmula de dinamización económica, de creación de emprego e de benestar social.

- Acceso:  
[http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Informe\\_cooperativas\\_2010.pdf](http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Informe_cooperativas_2010.pdf)

### Publicacións editadas ou de próxima aparición:

- Guía de recursos do sistema de protección de menores
- Guía de recursos del sistema de protección de menores
- BITeB, nº 87 xullo
- Prevención de danos musculoesqueléticos nas traballadoras do mar
- Guía RSE para a implantación da RSE na peme. Camiño á competitividade
- Carné Xove
- Profesións reguladas 2013: análise das profesións reguladas e as súas posibles vinculacións cos certificados de profesionalidade das distintas familias formativas
- Lembra. Prevención de riscos na extracción de recursos específicos: pesca
- Estatística de protección de menores
- Consellería de Traballo e Benestar. Memoria 2013
- Guía sobre avances científicos-tecnolóxicos no campo da atención sociosanitaria: plataforma tecnolóxica de innovación
- Estudo das necesidades das persoas maiores de 65 anos que viven soas. Rexumo executivo. Xullo 2013
- Folla de prevención nº 41. Avaliación cualitativa de risco biolóxico
- Folla de prevención nº 41. Evaluación cualitativa de risco biolóxico
- Boletín del Instituto Gallego de las Cualificaciones nº 11, 2013
- Boletín do Instituto Galego das Cualificacións nº 11, 2013

<http://traballo.xunta.es/publicacions-recursos?activo2=sop4>





# DOG

- Resolución do 19 de xuño de 2013, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se regulan as bases para a concesión das axudas á conciliación da vida familiar e laboral como medida de fomento da corresponsabilidade para os traballadores que se acollan á redución da súa xornada de traballo, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE), e se procede á súa convocatoria para o ano 2013. (DOG nº 123, do 01.07.2013).
- Resolución do 21 de xuño de 2013, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas económicas destinadas a fomentar o asociacionismo e a participación das mulleres, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE), e se procede á súa convocatoria para o ano 2013. (DOG nº 124, do 02.07.2013).
- Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia. (DOG nº 125, do 03.07.2013).
- Orde do 21 de xuño de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa para a promoción da integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e do Programa de subvencións ás unidades de apoio á actividade profesional no marco dos servizos de axuste persoal e social dos centros especiais de emprego, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2013. (DOG nº 125, do 03.07.2013).
- Orde do 26 de xuño de 2013 pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a realización de actividades dirixidas á xuventude, para a promoción da información xuvenil e para a incorporación da xuventude ás novas tecnoloxías durante o ano 2013, e se procede á súa convocatoria. (DOG nº 125, do 03.07.2013).
- Resolución do 20 de xuño de 2013, da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, pola que se fai pública a concesión do premio do concurso de iniciativas cooperativas 2013. (DOG nº 125, do 03.07.2013).
- Resolución do 20 de xuño de 2013, da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, pola que se fai pública a concesión dos premios do Certame Cooperativismo no Ensino 2013, dirixido ao alumnado e ao profesorado dos centros educativos de Galicia. (DOG nº 125, do 03.07.2013).
- Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegitude. (DOG nº 126, do 04.07.2013).
- Resolución do 26 de xuño de 2013 pola que se habilitan asesores e/ou avaliadores no marco do proceso de acreditación de competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, en determinadas unidades de competencia ou familias profesionais do Catálogo nacional de cualificacións profesionais. (DOG nº 127, do 05.07.2013).
- Corrección de erros. Orde do 11 de xuño de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas de fomento do emprego en empresas de economía social e de promoción do cooperativismo e se procede á súa convocatoria para o ano 2013. (DOG nº 127, do 05.07.2013).
- Orde do 8 de xullo de 2013 pola que se determinan as bases reguladoras e se convocan prazas de persoas colaboradoras-bolseiras para as residencias xuvenís dependentes desta consellería para o curso 2013/14. (DOG nº 132, do 12.07.2013).
- Resolución do 5 de xullo de 2013, da Dirección Xeral de Emprego e Formación, pola que se realiza a convocatoria pública do procedemento de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, en determinadas unidades de competencia da familia profesional de fabricación mecánica do Catálogo nacional de cualificacións profesionais, no marco do proxecto para a industria auxiliar da construción naval en Galicia FEAG-Empreganav. (DOG nº 133, do 15.07.2013).
- Resolución do 16 de xullo de 2013, da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación no Diario Oficial de Galicia das instrucións necesarias para unha correcta aplicación do Acordo para o acceso á xubilación parcial e o contrato de remuda do persoal laboral do Convenio colectivo único da Xunta de Galicia. (DOG nº 137, do 19.07.2013).
- Resolución do 10 de xullo de 2013, da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación no Diario Oficial de Galicia do acordo entre a Xunta de Galicia e as organización sindicais CIG e CC.OO., relativo á aplicación ao persoal do V

- Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia do réxime de vacacións, permisos e licenzas do persoal funcionario. (DOG nº 137, do 19.07.2013).
- Decreto 112/2013, do 25 de xullo, polo que se declara loito oficial en Galicia por mor dos pasamentos producidos como consecuencia do accidente ferroviario acaecido o 24 de xullo de 2013. (DOG nº 141, do 25.07.2013).
- Decreto 113/2013, do 24 de xullo, polo que se modifica o Decreto 42/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar. (DOG nº 142, do 26.07.2013).
- Orde do 26 de xullo de 2013 pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para proxectos de accións de saúde pública no campo do VIH/sida que se desenvolvan na Comunidade Autónoma de Galicia xestionados por entidades privadas sen ánimo de lucro. (DOG nº 147, do 02.08.2013).
- Resolución do 16 de xullo de 2013, do director xeral de Traballo e Economía Social, pola que se ditan instrucións en relación á Orde do 28 de maio de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos á contratación das persoas traballadoras, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2013, e á Orde do 6 de xuño de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de axudas a persoas traballadoras autónomas pola contratación indefinida de persoas asalariadas, cofinanciado polo Fondo Social Europeo e se procede á súa convocatoria para o ano 2013. (DOG nº 147, do 02.08.2013).
- Orde do 26 de xullo de 2013 pola que se autorizan proxectos experimentais de formación profesional dual de ciclos formativos de formación profesional en centros educativos, en colaboración con diversas entidades. (DOG nº 148, do 05.08.2013).
- Decreto 127/2013, do 1 de agosto, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2014. (DOG nº 151, do 08.08.2013).
- Resolución do 30 de xullo de 2013, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e

# DOG

- Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional inicial no curso 2013/14. (DOG nº 153, do 12.08.2013).
- Resolución do 31 de xullo de 2013, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se determinan os prazos de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que impartan programas de cualificación profesional inicial e se ditan instrucións para o seu desenvolvemento no curso académico 2013/14. (DOG nº 153, do 12.08.2013).
- Orde do 6 de agosto de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións de programas desenvolvidos polas corporacións locais para a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2013 cofinanciada polo Fondo Social Europeo 2007/2013. (DOG nº 153, do 12.08.2013).
- Orde do 7 de agosto de 2013 pola que se modifica a do 28 de maio de 2013 pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para a promoción de actividades de servizos sociais comunitarios e inclusión social e se procede á súa convocatoria para o ano 2013 (cofinanciada parcialmente polo Fondo Social Europeo). (DOG nº 153, do 12.08.2013).
- Resolución do 7 de agosto de 2013, da Dirección Xeral de Familia e Inclusión, pola que se actualizan os prezos públicos establecidos polo Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Traballo e Benestar. (DOG nº 153, do 12.08.2013).
- Orde do 7 de agosto de 2013 pola que se establece a oferta de programas de cualificación profesional inicial en centros públicos na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 155, do 14.08.2013).
- Orde do 5 de agosto de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de incentivos para promover a afiliación á Seguridade Social das mulleres cotitulares ou titulares de explotacións agrarias, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2013. (DOG nº 155, do 14.08.2013 e corrección de erros no DOG nº 163, do 28.08.2013).
- Orde do 19 de agosto de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa das iniciativas emprendedoras e de emprego (I+E+E), cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2013. (DOG nº 159, do 22.08.2013).
- Orde do 19 de agosto de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa para a promoción do emprego autónomo cofinanciado

- polo Fondo Social Europeo e se procede á súa convocatoria para o ano 2013. (DOG nº 159, do 22.08.2013).
- Orde do 19 de agosto de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de promoción da integración laboral das persoas con discapacidade na empresa ordinaria e do Programa de emprego con apoio, como medida de fomento do emprego de persoas con discapacidade no mercado ordinario de traballo, cofinanciados polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2013. (DOG nº 161, do 26.08.2013).
- Resolución do 20 de agosto de 2013, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para promover o autoemprego e a actividade emprendedora das persoas emigrantes retornadas e dos seus familiares na Comunidade Autónoma galega, e se convocan para o ano 2013. (DOG nº 162, do 27.08.2013).
- Orde do 20 de agosto de 2013 de modificación da Orde do 8 de maio de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2013. (DOG nº 164, do 29.08.2013).

# NORMATIVA CCAA

| Andalucía                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      | Medidas de Creación de Empleo y Fomento del Emprendimiento (BOJA núm. 105, de 31 de mayo). (BOJA de 01.07.2013)                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     | Presidencia del Parlamento de Andalucía, por la que se ordena la publicación del Acuerdo de Pleno de 12 de junio, de convalidación del Decreto Ley 8/2013, de 28 de mayo, de medidas de creación de empleo y fomento del emprendimiento. (BOJA de 10.07.2013)       |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• Orden de 27 de junio de 2013, por la que se modifica la de 18 de enero de 2012, por la que se establecen las bases reguladoras de un Programa de Incentivos para el Fomento de la Innovación y el Desarrollo Empresarial en Andalucía y se efectúa su convocatoria para los años 2012 y 2013. (BOJA de 01.07.2013)</li> <li>• Corrección de erratas y de errores del Decreto-ley 8/2013, de 28 de mayo, de</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Decreto 69/2013, de 2 de julio, por el que se modifica el Decreto 149/2012, de 5 de junio, por el que se regula la estructura orgánica de la Consejería de Economía, Innovación, Ciencia y Empleo, y los Estatutos del Servicio Andaluz de Empleo, aprobados mediante Decreto 96/2011, de 19 de abril. (BOJA de 04.07.2013)</li> <li>• Resolución de 28 de junio de 2013, de la</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Orden de 5 de julio de 2013, por la que se convocan subvenciones en régimen de concurrencia competitiva en el ámbito de la Consejería de Salud y Bienestar Social, para el ejercicio 2013. (BOJA de 15.07.2013)</li> </ul> |



# NORMATIVA CCAA

- Orden de 5 de julio de 2013, por la que se desarrolla lo establecido en la disposición adicional trigésima octava de la Ley 17/2012, de 27 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2013, en materia de ausencias por enfermedad o accidente que no den lugar a incapacidad temporal. (BOJA de 17.07.2013)
  - Orden de 16 de julio de 2013, por la que se establecen las bases reguladoras para la concesión de becas de formación en el Área de Documentación del Instituto Andaluz de la Mujer y se efectúa su convocatoria para el año 2013. (BOJA de 23.07.2013)
  - Resolución de 22 de julio de 2013, de la Dirección General del Instituto Andaluz de la Juventud, por la que se establecen las bases del II Festival «Iuventus Fest» y se efectúa su convocatoria para el año 2013. (BOJA de 30.07.2013)
  - Orden de 31 de julio de 2013, por la que se aprueban las bases reguladoras para la concesión de subvenciones en régimen de concurrencia competitiva para la concienciación social, impulso del voluntariado y apoyo a las entidades y organizaciones sociales adheridas a la Red de Solidaridad y Garantía Alimentaria de Andalucía, y se efectúa su convocatoria para el ejercicio 2013. (BOJA de 07.08.2013)
  - Resolución de 18 de julio de 2013, del Instituto Andaluz de Administración Pública, por la que se convocan, para el ejercicio 2013, las subvenciones reguladas por la Orden de la Consejería de Hacienda y Administración Pública de 24 de febrero de 2011, por la que se aprueban las bases reguladoras para la concesión de subvenciones en materia de organización de acciones formativas a organizaciones sindicales. (BOJA de 29.08.2013)
- Aragón**
- Decreto 109/2013, de 25 de junio, del Gobierno de Aragón, por el que se establecen las bases reguladoras para la concesión de subvenciones para el desarrollo de actividades de promoción, fomento y difusión de la economía social en la Comunidad Autónoma de Aragón y para sufragar los gastos de funcionamiento de las entidades

- asociativas de cooperativas de trabajo asociado, de sociedades laborales y de empresas de inserción. (BOA de 04.07.2013)
- Orden de 28 de junio de 2013, del Consejero de Economía y Empleo, por la que se convocan para 2013 subvenciones para proyectos generadores de empleo para personas con discapacidad en Centros Especiales de Empleo. (BOA de 16.07.2013)
- Decreto 118/2013, de 9 de julio, del Gobierno de Aragón, por el que se establecen las bases reguladoras para la concesión de subvenciones para la contratación de agentes de empleo y desarrollo local en el ámbito de colaboración con las entidades locales. (BOA de 19.07.2013)
- Orden de 28 de junio de 2013, del Consejero de Presidencia y Justicia, por la que se dispone la publicación del convenio de colaboración entre el Ministerio de Defensa (MINISDEF) y el Gobierno de Aragón, para el desarrollo conjunto de un programa de acciones formativas y de incorporación laboral así como de difusión de las convocatorias de acceso a las Fuerzas Armadas a través del Instituto Aragonés de Empleo (INAEM). (BOA de 23.07.2013)
- Decreto 130/2013, de 23 de julio, del Gobierno de Aragón, por el que se regula el procedimiento de concesión directa de la subvención especial prevista en el Real Decreto 196/2010, de 26 de febrero de 2010, por el que se establecen medidas para facilitar la reinserción laboral así como el establecimiento de ayudas especiales a los trabajadores afectados por los expedientes de regulación de empleo 76/2000, de 8 de marzo de 2001 y 25/2001, de 31 de julio de 2001. (BOA de 02.08.2013)
- Orden de 23 de julio de 2013, de los Departamentos de Economía y Empleo, y de Educación, Universidad, Cultura y Deporte, por la que se convoca el premio "Aragón Orientación Profesional" 2013 y sus bases reguladoras. (BOA de 09.08.2013, corrección de errores 29.08.2013)
- Orden de 11 de julio de 2013, del Consejero de Presidencia y Justicia, por la que se dispone la publicación del convenio interadministrativo de colaboración entre el Instituto

- Aragonés de Servicios Sociales (IASS) y el Ayuntamiento de..., para la gestión de programas específicos de servicios sociales, durante 2013. (BOA de 08.08.2013, 26.08.2013)
  - Orden de 24 de julio de 2013, del Departamento de Sanidad, Bienestar Social y Familia, por la que se regulan las prestaciones del Sistema para la Autonomía y Atención a la Dependencia, la capacidad económica de los beneficiarios y su participación en el coste de los servicios, en la Comunidad Autónoma de Aragón. (BOA de 20.08.2013)
  - Orden de 22 de agosto de 2013, del Consejero de Economía y Empleo, por la que se convocan para el año 2013 las subvenciones reguladas en el Decreto 109/2013, de 25 de junio, del Gobierno de Aragón, por el que se establecen las bases reguladoras para la concesión de subvenciones para el desarrollo de actividades de promoción, fomento y difusión de la economía social en la Comunidad Autónoma de Aragón y para sufragar los gastos de funcionamiento de las entidades asociativas de cooperativas de trabajo asociado, de sociedades laborales y de empresas de inserción. (BOA de 23.08.2013)
- Asturias**
- Resolución de 26 de junio de 2013, de la Consejería de Bienestar Social y Vivienda, por la que se aprueba la convocatoria de subvenciones a favor de entidades sin ánimo de lucro para el desarrollo de programas en el ámbito de los Servicios Sociales Especializados dirigidos a las personas con discapacidad. (BOPA de 03.07.2013)
  - Resolución de 1 de julio de 2013, de la Consejería de Economía y Empleo, por la que se establece el Registro de entidades especializadas acreditadas para actuar como servicios de prevención ajenos y de personas o entidades especializadas autorizadas para desarrollar la actividad de auditoría o evaluación externa del sistema de prevención en el ámbito del Principado de Asturias. (BOPA de 05.07.2013)
  - Resolución de 18 de julio de 2013, de la Consejería de Economía y Empleo, por la que se aprueban las bases reguladoras

# NORMATIVA CCAA

- para la concesión de subvenciones para apoyar a trabajadoras autónomas en situación de maternidad, adopción o acogimiento preadoptivo. (BOPA de 24.07.2013)
- Resolución de 18 de julio de 2013, de la Consejería de Economía y Empleo, por la que se aprueba la convocatoria pública en régimen de concurrencia competitiva de las subvenciones para apoyar a trabajadoras autónomas que se encontrasen en situación de baja por maternidad, adopción o acogimiento preadoptivo en el período comprendido entre el 1 de enero de 2013 y el 31 de julio de 2013. (BOPA de 24.07.2013)
- Resolución de 1 de julio de 2013, de la Consejería de Economía y Empleo, por la que se aprueban bases reguladoras de la concesión de subvenciones a la inserción laboral de las personas en situación de exclusión social en empresas de inserción del Principado de Asturias. (BOPA de 31.07.2013)
- Resolución de 22 de julio de 2013, del Servicio Público de Empleo, por la que se aprueba convocatoria de subvenciones a las empresas de inserción del Principado de Asturias. (BOPA de 31.07.2013)
- Resolución de 24 de julio de 2013, de la Consejería de Presidencia, por la que se ordena la publicación del Convenio de Colaboración suscrito entre el Principado de Asturias, a través de la Consejería de Bienestar Social y Vivienda, y el Ayuntamiento de ... para la encomienda de gestión de funciones de instrucción de procedimientos de Salario Social Básico. (BOPA de 05.08.2013, 08.08.2013, 28.08.2013)
- Resolución de 24 de julio de 2013, de la Consejería de Presidencia, por la que se ordena la publicación del Convenio de Colaboración suscrito entre el Principado de Asturias, a través de la Consejería de Bienestar Social y Vivienda, y el Ayuntamiento de ... para la encomienda de gestión de la prestación de los servicios de ayuda a domicilio y de teleasistencia para personas dependientes. (BOPA de 08.08.2013, 10.08.2013, 12.08.2013, 14.08.2013, 16.08.2013, 28.08.2013)
- Resolución de 25 de julio de 2013, de la

- Consejería de Presidencia, por la que se ordena la publicación del Convenio de Colaboración suscrito entre el Principado de Asturias, a través de la Consejería de Sanidad, y el Ministerio de Empleo y Seguridad Social para el control de la incapacidad temporal durante el período 2013 a 2016. (BOPA de 08.08.2013)
  - Resolución de 30 de julio de 2013, de la Consejería de Presidencia, por la que se ordena la publicación del Convenio de Colaboración suscrito entre el Principado de Asturias, a través de la Consejería de Bienestar Social y Vivienda, y el Ayuntamiento de ... para el desarrollo de las prestaciones básicas del Sistema Público de Servicios Sociales. (BOPA de 08.08.2013, 14.08.2013, 22.08.2013)
  - Resolución de 23 de julio de 2013, de la Consejería de Economía y Empleo, por la que se ordena la inscripción del Convenio Colectivo del Personal Laboral contratado por los Ayuntamientos del Principado de Asturias dentro de la Línea 1 de los Planes Locales de Empleo y de la Línea 3 relativa al apoyo a la contratación laboral de los jóvenes participantes en el Programa de Prácticas no Laborales con compromiso de contratación incluidos dentro del Acuerdo por el Empleo y el Progreso de Asturias (AEPA) 2013-2015 en el Registro de Convenios y Acuerdos Colectivos de Trabajo dependiente de la Dirección General de Trabajo. (BOPA de 09.08.2013)
- Baleares**
- Resolución de la consejera de Familia y Servicios Sociales de fecha 27 de junio de 2013 por la cual se aprueba la convocatoria de subvenciones dirigidas a entidades privadas sin ánimo de lucro para financiar el servicio de ajuste personal y social dirigido a personas con discapacidad en los centros especiales de ocupación. (BOIB de 06.07.2013)
  - Decreto 39/2013, de 26 de julio, por el que se regula la organización y el funcionamiento de la Comisión Interdepartamental para la Elaboración de Políticas de Juventud. (BOIB de 27.07.2013)
  - Resolución de la presidenta del Instituto

- Balear de la Juventud de 19 de julio de 2013 por la cual se aprueba la convocatoria de los certámenes y premios del Programa Cultural Arte Joven para el año 2013 y se establecen las bases generales y las específicas. (BOIB de 08.08.2013)
  - Resolución de la consejera de Familia y Servicios Sociales de 22 de agosto de 2013 por la que se aprueba la convocatoria de subvenciones para programas de atención social en los juzgados de las Islas Baleares que lleven a cabo entidades sociales sin ánimo de lucro, para el año 2013. (BOIB de 31.08.2013)
- Canarias**
- Orden de 28 de junio de 2013, por la que se aprueban las bases para la concesión de subvenciones a entidades sin ánimo de lucro de Canarias que tengan como objeto social la atención a personas mayores, dependientes y discapacitados, destinadas a la inversión en la mejora de las condiciones de seguridad y salud en el trabajo y se efectúa la convocatoria para 2013 en régimen de concurrencia competitiva. (BOC de 11.07.2013)
  - Resolución de 9 de julio de 2013, de la Presidenta, por la que se aprueba la convocatoria correspondiente al ejercicio 2013 del programa de conciliación de la vida familiar y laboral "Cheque-guardería". (BOC de 22.07.2013)
  - Resolución de 23 de julio de 2013, de la Directora, por la que se dispone la publicación del Convenio de colaboración entre el Instituto Canario de Igualdad y el Cabildo Insular de ... para el desarrollo del sistema social de prevención y protección integral de las víctimas de la violencia de género en la isla de Gran Canaria. (BOC de 13.08.2013)
  - Resolución de 8 de agosto de 2013, de la Presidenta, por la que se aprueban las bases reguladoras del programa extraordinario de incentivos a la contratación laboral para el ejercicio 2013, y se aprueba simultáneamente su convocatoria para dicho ejercicio. (BOC de 19.08.2013)
- Cantabria**

# NORMATIVA CCAA

- Orden HAC/30/2013, de 4 de julio, por la que se establecen las bases reguladoras y se aprueba la convocatoria para el ejercicio 2013, de las subvenciones en materia de formación de oferta, consistentes en la ejecución de acciones formativas dirigidas prioritariamente a los trabajadores desempleados. (BOC de 05.07.2013 y corrección de errores 26.07.2013)
- Orden PRE/25/2013, de 7 de agosto, por la que se aprueban las bases reguladoras y convocan subvenciones para la realización de actividades juveniles por las Asociaciones Juveniles, Entidades Prestadoras de Servicios a la Juventud y Partidos Políticos con Sección Juvenil y Sindicatos con Sección Juvenil, de Cantabria, desde el segundo trimestre del año 2013 hasta el primer trimestre del año 2014. (BOC de 16.08.2013)
- Orden HAC/34/2013, de 14 de agosto de 2013, por la que se establecen las bases reguladoras y se aprueba la convocatoria de subvenciones del año 2013 de un programa específico para promover el mantenimiento del empleo autónomo. (BOC de 26.08.2013)

## Castilla-La Mancha

- Resolución de 26/06/2013, de la Dirección General de Mayores, Personas con Discapacidad y Dependientes, por la que se convocan para el año 2013 las prestaciones económicas para ayudas de atención adecuada a favor de mayores y personas con discapacidad. (DOCM de 02.07.2013)
- Orden de 09/07/2013, de la Consejería de Sanidad y Asuntos Sociales, del Consejo Regional del Pueblo Gitano. (DOCM de 16.07.2013)
- Decreto 39/2013, de 11/07/2013, por el que se regula los incentivos destinados a fomentar la contratación de las personas con discapacidad en el mercado ordinario de trabajo de Castilla-La Mancha. (DOCM de 17.07.2013)
- Orden de 12/07/2013, de la Consejería de Sanidad y Asuntos Sociales, por la que se aprueban las bases reguladoras de

- subvenciones para asociaciones y entidades privadas sin ánimo de lucro para el funcionamiento de centros y el desarrollo de programas de atención a personas con drogodependencia en Castilla-La Mancha, y se efectúa su convocatoria para el ejercicio 2013. (DOCM de 23.07.2013)
- Orden de 12/07/2013, de la Consejería de Sanidad y Asuntos Sociales, por la que se aprueban las bases reguladoras de subvenciones para ayuntamientos de Castilla-La Mancha para el desarrollo de programas de prevención selectiva e indicada del consumo de drogas y programas de educación de calle para personas con drogodependencia, y se efectúa su convocatoria para el ejercicio 2013. (DOCM de 23.07.2013)
- Orden de 30/07/2013, de la Consejería de Empleo y Economía, por la que se modifica la Orden de 15/11/2012, por la que se regula el desarrollo de la formación profesional para el empleo en materia de formación de oferta y se establecen las bases reguladoras para la concesión de subvenciones públicas destinadas a su financiación en el ámbito territorial de Castilla-La-Mancha. (DOCM de 31.07.2013)
- Orden de 29/07/2013, de la Consejería de Sanidad y Asuntos Sociales, por la que se establece el catálogo de servicios y prestaciones económicas del sistema para la autonomía y atención a la dependencia en la Comunidad Autónoma de Castilla-La Mancha y se determina la intensidad de los servicios y el régimen de compatibilidades aplicable. (DOCM de 07.08.2013)
- Orden de 11/07/2013, de la Consejería de Empleo y Economía, por la que se regula el procedimiento de selección de formadores para impartir formación profesional para el empleo en centros dependientes de la Consejería de Empleo y Economía. (DOCM de 14.08.2013)
- Resolución de 13/08/2013, de la Dirección General de Formación, por la que se aprueba la convocatoria pública de concesión de subvenciones para la realización de acciones de formación profesional para el empleo, dirigidas prioritariamente

- a trabajadores/as desempleados/as (Modalidad II) para la anualidad 2013. (DOCM de 14.08.2013)
- Orden de 30/07/2013, de la Consejería de Empleo y Economía, por la que se aprueba la convocatoria para el ejercicio 2013 de las ayudas establecidas en el Decreto 39/2013, de 11 de julio, por el que se regula los incentivos destinados a fomentar la contratación de las personas con discapacidad en el mercado ordinario de trabajo de Castilla-La Mancha. (DOCM de 26.08.2013)
- Orden EYE/501/2013, de 17 de junio, por la que se modifica la Orden EYE/1099/2012, de 18 de diciembre, por la que se convocan las subvenciones para el año 2013 para la incorporación de socios trabajadores o de trabajo en Cooperativas y Sociedades laborales (código REAY EYE/002). (BOCYL de 01.07.2013)
- Corrección de errores del Decreto 12/2013, de 21 de marzo, por el que se regula la prestación económica destinada a la atención de necesidades básicas de subsistencia en situaciones de urgencia social en la Comunidad de Castilla y León. (BOCYL de 03.07.2013)
- Decreto 27/2013, de 4 de julio, por el que se establecen los precios públicos por la prestación de servicios en las residencias juveniles titularidad de la Comunidad de Castilla y León y se establece su régimen de bonificaciones. (BOCYL de 05.07.2013)
